

O que nos falta


What We All Long For · *Dionne Brand* · Vintage, 2005 · 336 páx. · 20 euros

Todo comeza nun vagón do metro de Toronto á primeira hora da mañá. Nel viaxan tres amigas e un amigo e, sen que o saiban tamén, o irmán perdido dunha delas. Tuyen, Carla, Oku e Jackie son o fío condutor, xunto con Quy, o irmán perdido na viaxe dende Vietnam, das ausencias e das presenza que habitan *What We All Long For*. As súas historias falan da marxe, da negociación das identidades, da apertura a un mundo diverso e en conflito que garda a forza das transformacións. Sen sentimentalismos.

Dionne Brand, autora de orixe caribeña afincada en Canadá, lévanos de viaxe por un Toronto que pasa desapercibido aos ollos da poboación branca, onde a pel marca vínculos que teñen moito máis que ver co peso do pasado ca coa propia cor. Tuyen, Carla, Oku e Jackie son a segunda xeración, lonxe das traxedias e das obrigas do tránsito. Unha xeración que traduce, literalmente ás veces e outras só en sentido metafórico, os significados do novo lugar ás súas familias e viceversa.

What We All Long For é unha novela que fala da identidade, da individual e colectiva, a moi diferentes niveis, da resistencia aos patróns (raciais, sexuais, de lugar, de xénero) impostos, da busca verdadeira diso que arelamos, diso que “nos falta”. É unha obra chea das pequenas metáforas que bordan esa sensación de fronteira que transforma o que toca: Tuyen insiste en facer unha instalación a modo de lubaio (unha especie de tótem chinés –ela é de orixe vietnamita–), Jackie ten a súa tenda xusto na fronteira coa veciñanza ben, Tuyen e Oku celebran a vitoria de Corea do Sur na final do mundial de fútbol como se fosen coreanos...

Mais esta é unha obra do espazo, da cidade. Toronto é unha personaxe autónoma ao igual ca Quy, o único que fala



What We All Long For é unha obra chea de pequenas metáforas, un pracer para os sentidos.

en primeira persoa porque ningún pode narrar a súa traxedia excepto el, lonxe da mágoa do neno perdido que foi.

Esta novela enmárcase xa nunha liña literaria canadense de segundas xeracións de emigrantes (*Entre o costume e a ruptura*, *Chorus of Mushrooms*, a poesía de Fred Wah) que redefinen a identidade aparentemente unitaria dos lugares e os pensamentos. *What We All Long For* é tamén un pracer para os sentidos onde a linguaxe cambia e leva música no seu interior, fai vibrar cun virtuosismo abraiante. É unha ventá que nos axuda a non deixar pasar cos ollos pechados, en Toronto ou en Galicia, aquilo que nos enriquece. Para que non nos falte o que temos xusto ao noso carón.

// **María Reimóndez**